




Actividades para proxectos | Bloque 2 : Creación de contidos

Como sería eTwinnilandia?



Temporalización

4 a 5 sesions



Socios

2 a 4 socios

Educación Primaria

9 a 12 anos

Nivel

Básico

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Desde un país ficticio, chamado eTwinnilandia, organizan un concurso de ideas para mellorar a vida dos cidadáns. Os nosos estudantes van participar creando equipos internacionais, investigando e propoñendo ideas que fagan mellorar a ese país en todos os ámbitos :cultural , deporte, monumentos, arte, turismo, espazos urbanos, literatura,etc....que resultará nun libro colaborativo “Better ideas for better life”.

OBXECTIVO DA ACTIVIDADE

Crear colaborativamente un libro de ideas e propostas , sobre cómo che gustaría que fose o teu país ideal.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Fase 1: Preparación



Requisitos: Ordenadores para las investigaciones y trabajo en equipo de alumnos.

Paso 1:

O obxectivo é crear un libro final de ideas: (por exemplo: cultura, deporte, rúas, monumentos , turismo, normas cívicas, algo do tema do proxecto, literatura, espazos urbanos, cómo debe ser un colexio.)



Paso 2:

Vanse distribuíndo os alumnos en grupos internacionais e a cada un asígnaselle desenvolver un tema ,os alumnos coordínanse desde o foro de TwinSpace e chat para debater.



Paso 3:

Os profesores crean un muro virtual para cada grupo, aí van colocando os debuxos e ideas.



Fase 2: Posta en práctica

Paso 4:

Os alumnos comezan a proponer ideas, debuxos, carteis, normas ou novos usos de espazos lugares nos seus respectivos muros, nunha subpáxina do Twinspace.



Paso 5:

Finalmente elixirán as mellores ideas de cada tema, e créase un documento onde se recollan as propostas, en Power Point , DOC ou word.F

Fase 3: Recollida de datos e promoción.

Paso 6:

Para que participen todos os alumnos nun material común , pódese facer un concurso de portada da actividade.





Paso 7:

O documento final pásase a formato dixital con algunha das ferramentas propostas e enlázase dentro do TwinSpace do proxecto. De todo o proceso pódense tomar fotografías, capturas de pantalla do traballo de alumnos, e enlázase no TwinSpace do proxecto. Moi interesante que todos os socios comenten o desenvolvemento da actividade no Diario de proxecto.

De todo o proceso pódense tomar fotografías, capturas de pantalla do traballo dos alumnos, e enlázase no TwinSpace do proxecto.



PRODUTO(S)/RESULTADO(S) ESPERADO(S)

Libro de ideas para un mundo mellor , muros colaborativos de traballo de alumnos, presentacións do proceso.

FERRAMENTAS DO TWINSPACE/FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS

- **Muro virtual:** Padlet ou Linoit.Ferramenta de colaboración online , para proponer ideas.<https://es.padlet.com/>



- **Para votar propostas:** Freeonlinesurveys, web para realizar enquisas e votacións, pódense realizar votacións de debuxos. <https://freeonlinesurveys.com/#/>
- **Para presentacións da información:** Podes usar word ou Powerpoint, onde se recollen as mellores ideas e propostas finais. Posteriormente para convertelas en formato dixital podes utilizar: ISSUU , ferramenta para converter presentacións en formato dixital. <https://issuu.com/> ou Slideshare ,ferramenta para converter un documento PDF en formato dixital.<https://es.slideshare.net/>
- **Para traballar en equipo:** Google docs,para propoñer ideas entre os diferentes grupos.
- **Para comunicarse e coordinarse:** Foros e Chat de TwinSpace.